

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 11 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

SEN PALABRAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Andreas Ottensamer, director e clarinete

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Andreas Ottensamer



PROGRAMA

I

FELIX MENDELSSOHN (1809-1847)

Suite de Lobgesang, op. 52 e Cancións sen palabras (arr. A. Ottensamer)

Lobgesang: Con moto maestoso - Allegro vivace

Canción sen palabras op. 19 nº 6

Lobgesang: Allegretto un poco agitato

Canción sen palabras op. 30 nº 4

Canción sen palabras op. 30 nº 6

Canción sen palabras op. 62 nº 6

Canción sen palabras op. 102 nº 4

Lobgesang: Adagio relixioso

II

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

Sinfonía núm. 1 en Sol menor, op.13 TH 24, “Soños de inverno”

Soños durante unha viaxe de inverno: Allegro tranquillo

Comarca lúgubre, comarca brumosa: Adagio cantabile ma non tanto

Scherzo: Allegro scherzando giocoso

Finale: Andante lugubre; Allegro moderato; Allegro maestoso

Duración aproximada do concerto: 110 minutos (con pausa)

Regámossle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director e clarinete

Andreas Ottensamer

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Daniel Kordubaylo
Michal Ryczel
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Juan P. Calderón ***
Celia Montáñez ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Elina Viksne
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi
Daniel Rodríguez ***
Ramón Rodríguez-Peña ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Iriana Fernández
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Fernando Fresno ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Manuel Lorenzo **
Millán Abeledo
Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Raquel Miguélez (R)
Pablo Rincón ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Laura Lorenzo (R)
Carlos Cascales ***

ÓBOES

Esther Viúdez *
Rosalba Olivares ***

CLARINETES

Vicente López *
Miguel Peñarroja ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Belén Carril ***

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Joan García ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Carlos López ***

TROMBÓNS

Carlos Figueira (R)
J. Ramiro Pérez (R)
Marcos Dorado (R)

TUBA

Hugo Portas (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Juan A. Vázquez Mouzo (R)
Gonzalo Otero ***

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

ANDREAS OTTENSAMER DIRECTOR E CLARINETE

Andreas Ottensamer está considerado un dos principais instrumentistas do noso tempo e actúa como solista de clarinete nas principais salas de concerto de todo o mundo con orquestras como a Filharmónica de Berlín, a Filharmónica de Viena, a Orquestra de Cámara Mahler, a Filharmónica de Londres, a Filharmónica de Seúl e a Orquestra Sinfónica da NHK baixo a dirección de Mariss Jansons, Sir Simon Rattle, Andris Nelsons, Yannick Nezet-Seguin, Daniel Harding e Lorenzo Viotti. Cativou o público e á crítica pola súa musicalidade e versatilidade como clarinetista, director artístico e director de orquestra.

É artista convidado habitual en festivais como o Salzburger Festspiele, o Gstaad Menuhin Festival, o Rheingau Musik Festival e o Festival de Pâques d'Aix na Provenza.

Desde a temporada 2020/21, Ottensamer sobe ao podio como

director de orquestra e xa é moi solicitado. En 2021 debutou coa Orquestra Sinfónica Estatal de Armenia e a Orquestra Sinfónica de Bournemouth e foi galardoado co Premio Neeme Järvi da Academia de Dirección do Festival de Gstaad.

No verán de 2022 debutou con grande éxito como director en Asia coa Orquestra Sinfónica de Toquio, a Orquestra de Cámara de Aichi en Nagoia e a Orquestra Sinfónica KBS de Seúl. Outros compromisos como director esta temporada inclúen debuts coa MDR Sinfonieorchester Leipzig, a Prag Philharmonia, a Orquestra Gulbenkian de Lisboa, a Orquestra Sinfónica Estatal de Istambul, a Filharmónica de Seúl e a Real Filharmonía de Galicia esta noite.

Ottensamer é director artístico do Festival de Bürgenstock en Suíza. As súas colaboracións artísticas como músico de cámara inclúen traballos con Yuja Wang,

2023

Seong-Jin Cho, Lisa Batiashvili, Patricia Kopatchinskaja, Phillippe Jaroussky, Gautier Capuçon e Sol Gabetta.

Ademais, Ottensamer colabora en exclusiva con Deutsche Grammophon desde 2013, o que o converte no primeiro clarinetista do selo amarelo. Para o seu álbum *Blue Hour*, con obras de Weber, Mendelssohn e Brahms, asociouse coa Filharmónica de Berlín baixo a dirección de Mariss Jansons e recibiu o seu segundo premio Opus Klassik como “Instrumentista do ano”. Xunto con Yuja Wang e Gautier Capuçon gravou o *Trío para clarinete* de Brahms, publicado por DG en setembro de 2022.


Nacido en 1989 en Viena, procede dunha familia austrohúngara de músicos e sentiuse atraído pola música desde moi pronto, recibindo as súas primeiras clases de piano aos catro anos. Aos dez anos empezou a estudar

violoncello na Universidade de Música e Artes Escénicas de Viena, e en 2003 cambiou ao clarinete.

En 2009 interrompeu os seus estudos universitarios en Harvard para converterse en bolseiro da Academia de Orquestra da Filharmónica de Berlín.

Ottensamer estudou dirección de orquestra co profesor Nicolas Pasquet (Weimar) e o profesor Johannes Schlaefli (Zúric) e recibiu clases maxistras cos mestres Riccardo Muti e Jaap van Zweden.

Desde marzo de 2011, Ottensamer ocupa o posto de clarinetista principal coa Orquestra Filharmónica de Berlín.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Johannes Gutenberg desenvolveu o seu modelo de imprenta en 1440 aínda que, ao parecer, non a puxo en funcionamento ata 1450. Os primeiros traballos foron algo de poesía, tal vez, textos de gramática e, con seguridade, escritos de igrexa, antes de imprimir en 1455 a obra que o faría famoso, a *Biblia de Gutenberg*, nunha tirada de 160 a 180 copias —aínda que posiblemente a primeira saíra da imprenta un ano antes—. En todo caso, acordouse 1840 como ano de homenaxe e organizáronse celebracións en toda Alemaña para conmemorar o 400 aniversario da invención. Leipzig, que durante moito tempo fora centro de impresión e produción de libros nas terras de fala alemá, capitalizou a homenaxe máis resoante adquirindo fortes matices relixiosos e nacionalistas. A citada Biblia utilizou a tradución

das *Escrituras* de Martín Lutero tamén autor dun documento da fe luterana, a *Confesión de Augsburgo*, presentado o 25 de xuño de 1530, data que seleccionaron os organizadores para celebrar un festival de tres días no que foi estreada a cantata *Festgesang* e a *Sinfonía 'Lobgesang'* (Himno de Gabanza), ambas do principal músico da cidade, Felix Mendelssohn. Esta *Sinfonía núm. 2* —que podería definirse como cantata ou, incluso, como oratorio— consta de tres movementos instrumentais de carácter sinfónico que se interpretan sen interrupción e, a seguir, unha extensa parte para tres voces solistas e coro que, posiblemente, evoca a *Novena* de Beethoven e amosa o fondo coñecemento que Mendelssohn tiña de Bach e do dominio do coral luterano. A partitura é un claro exemplo da linguaxe do compositor hamburgués repleta

de enerxía e alegría sen eludir a fondura e o compromiso, resultando unha espléndida obra que conxuga pasaxes vitoriosos e contemplativos, tráxicos e sutís mesturando inmensidade sinfónica e vocal. As seccións instrumentais dan a impresión dunha miniatura sinfónica destinada a actuar como unha abertura ou preludio que establece a atmosfera principal da obra. Mendelssohn concibe unha rede de vínculos motívicos e, sobre todo, espirituais que manteñen unidos os niveis aparentemente irreconciliables da partitura. Así, desde o inicio, os trombóns (respondidos ao instante por toda a orquestra) entoan un tema que terminará por revelarse como a idea central da obra cando de a coñecer a súa verdadeira mensaxe na primeira entrada coral, o texto do salmo *'Alles, was Odem hat, lobe den Herrn'* (Que todo o

que respira loe ao Señor). Esta é so unha mostra das moitas alusións e referencias, máis ou menos concretas, mediante as que Mendelssohn crea un denominador común para as partes sinfónicas e corais, recurso polo que a peza adquire un carácter xenuinamente espiritual, que ten en conta a cita de Lutero que aparece no principio da partitura: “Mais gustaríame ver todas as artes, e especialmente a música, ao servizo de aquel que as concedeu e creou”.

Tres títulos son a aportación de Mendelssohn ao repertorio para piano só: a *Fantasia Escocesa* (1834), as *Variacións serias* (1841) e as *Cancións sen palabras* (Lieder ohne worte), estas últimas testemuño da evolución da linguaxe do compositor pois son unha serie

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA


TEMPORADA DE ABONO 2022-23

de 48 partituras escritas entre 1830 e 1846 e recollidas en oito volumes, seis en vida do músico e dous, trala súa morte. O título da obra foi acuñado por Fanny, a irmá maior do autor cando este lle regalou, polo seu 23 aniversario, unha peza para piano que el mesmo titulou *lied* (canción), puntualizando ‘*ohne Worte*’ (sen palabras). En 1842, para satisfacer a curiosidade dun amigo sobre a composición da serie Mendelssohn respondeu: “Se me preguntas que tiña en mente cando a escribín, diría: simplemente a canción tal como está. E se teño certas palabras en mente para unha ou outra destas cancións, nunca querría contarllas a ninguén, porque as mesmas palabras nunca significan o mesmo para os demais. Só a canción pode dicir o mesmo, pode espertar os mesmos sentimentos nunha persoa que noutra, pero ese sentimento

non se expresa coas mesmas palabras”. Entre outros, Chopin e Schumann con Mendelssohn constitúen a primeira xeración romántica que, a partir de 1830, fomentan a miniatura no ámbito dese estilo que ofrece as posibilidades sonoras do piano. As tamén denominadas *Romanzas sen palabras* son mostra dese primeiro estilo romántico e beben das *Bagatelas* de Beethoven e dos *Momentos musicais* de Schubert. Este tipo de composicións caracterízanse pola sinxeleza e brevidade, así como pola procura dunha relación máis estreita entre a textura melódica e acompañamento; a melodía achégase ao estilo do *lied* romántico de orixe xermánica, sen os ornamentos típicos do *bel canto* italiano e con acompañamentos máis sofisticados e orixinais. O canto, a introspección e o

lirismo plenamente románticos son trazos distintivos destas pezas sen palabras. Andreas Ottensamer realizou os arranxos de dez destas cancións nos que o clarinete asume a parte da melodía narrativa e cantada, creando unha conexión entre a fidelidade co orixinal e as novas posibilidades de son a través do instrumento solista. O ton, o timbre e as propiedades específicas do clarinete transportan os estados de ánimo das composicións, que van desde a fondura emocional ata a lixeireza despreocupada. Hoxe escoitaranse pezas dos cadernos 1, 2, 5 (dedicado a Clara Schumann) e 8. Na *op. 19 núm. 6 'Canto de góndola veneciana'*, unha melodía desenvólvese sobre un acompañamento estable. A *op. 30 núm. 4* ten algo da impetuosidade schumanniana e denota un interesante traballo tanto na textura como

no rexistro. A *op. 30 núm. 6* presenta un baixo ben definido, sobre o que Mendelssohn desvela un tema moi delicado e intimista. A subtitulada '*Canción de primavera*', é unha das músicas máis recoñecibles do compositor, cun acompañamento que lembra a guitarra. E por último, a *op. 102 núm. 4* ten unha textura melódica paralela a un canto que se cerne sobre arpejos ondulantes. Ottensamer explica así a súa relación coa esta obra: "*As Cancións sen palabras* de Mendelssohn foron parte da miña vida musical durante moito tempo. De neno encantábame escoitalas! Arranxar algunha delas para o meu álbum *Blue Hour* abriume un mundo marabilloso, e co comezo do confinamento, dediquei un tempo a volver visitar e ampliar a colección destes arranxos.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


Agora estou dando o seguinte paso escribindo as pezas para clarinete e cordas descubriendo un universo de posibilidades”.

En 1866, o pianista e director Nikolai Rubinstein invitou a Chaikovski a dar clase de harmonía na Sociedade Musical Rusa que despois converteríase no Conservatorio de Moscova. Ese mesmo ano baixo a protección de Rubinstein, no artístico e no social, e tras o éxito da *Abertura en fa*, Chaikovski atrévese co seu primeiro traballo sinfónico cuxa primeira versión foi escrita durante a primavera e o verán, sendo interpretada en San Petersburgo para o director quen ao parecer xulgouna moi severamente, desaprobándoa para ser estreada. Tras varias revisións, madurando aspectos formais e traballando a orquestración con minuciosidade, Rubinstein dirixiu

unicamente o *scherzo* nunha reunión da Sociedade Musical; meses despois, en febreiro de 1867, afronta o tempo lento e o *scherzo* e, un ano máis tarde, os catro movementos. Chaikovski escribiulle ao seu irmán Anatole: “A miña sinfonía tivo un gran éxito; o *Adagio* foi particularmente admirado.” Mais insatisfeito co resultado, o compositor realizou unha nova revisión en 1874 para a súa edición e modificou algúns detalles para unha segunda impresión en 1888. Nomeada polo propio compositor como *Soños de inverno*, a sinfonía, non é abertamente programática pero si parece referirse ás longas viaxes que o compositor fai entre Moscova e San Petersburgo durante o inverno; nela Chaikovski amosa a súa clara intención de respectar a forma clásica e aportar intensidade melódica, riqueza harmónica e enerxía orquestral.

No primeiro movement, un *Allegro tranquillo* que leva o suxerinte título de *Soños durante unha viaxe de inverno*, a forma sonata clásica é usada con certo rigor, cun primeiro tema, lírico e alegre insinuando o recio clima invernal e un segundo, máis solemne e elexíaco, ten orixe nunha melodía popular rusa. O *Adagio*, nomeado como *Comarca lúgubre, comarca brumosa* é un movemento pausado e melancólico, de frío lirismo. O *Scherzo* ten un aire mendelssohniano aínda que é unha creación bastante orixinal que comeza cun motivo rítmico simple, axitado e sutil que pasa polas distintas seccións da orquestra con lixeireza. O trío é un airoso valse que se adianta ás posteriores partituras de ballet de Chaikovski. O *Finale* comeza cunha introdución sofisticada (*Andante lugubre*), para embarcarse nun discurso que se escoita a través dunha variedade

de tonalidades, transformacións temáticas e desenvolvementos contrapuntísticos, rematando satisfactoriamente a sobria emocionalidade de toda a sinfonía. Casi 20 anos despois da composición desta *Primeira Sinfonía* que lle causou tanto sufrimento, escribiulle a un amigo: “A pesar de todas as súas evidentes deficiencias, teño debilidade por ela, porque é un pecado da miña doce mocidade”.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 25 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

NOVOS HORIZONTES

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Jordi Francés, director

- G. Ligeti: Concerto romanés
- D. Shostakovich: Sinfonía de cámara, op. 110a
- R. Schumann: Sinfonía núm. 4 en re menor, op. 120 (versión 1851)

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Jordi Francés



C
Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal


RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura


@rfgalicia
@CCultura


@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura


CONSORCIO DE
SANTIAGO


GOBIERNO
DE ESPAÑA


CONCEJO DE
SANTIAGO


XUNTA
DE GALICIA


AUDITORIO DE GALICIA


Deputación
DA CORUÑA